

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE MARZO DE 2013**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e sete de marzo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:


**ACTA.-** Apróbese a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 20 de marzo de 2013.

**ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a modificación da licenza número 335/09, consistente na modificación da distribución interior e fachadas, mantendo a descrición da licenza, sendo a localización da obra na rúa San Roque, número 84, esquina coa rúa Jacinto Calvo.

Así mesmo, acordase a concesión das seguintes licenzas: para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, en solo clasificado como rústico, na estrada Vella de Santiago, número 204, atopándose dentro do ámbito do núcleo 42.2 casas Vellas-Rego do Espiño-Casas Novas, parroquia de Piúgos; para cambio de uso de oficinas a vivenda na planta 3ª retranqueada e baixo cuberta, no edificio con licenza número 720/12, sito na rúa San Pedro, número 62; para cambio de uso de edificio con licenza número 762/04, de dúas vivendas a dúas oficinas na praza campo Castelo, número 18; para legalización das obras de rehabilitación da planta baixa do edificio situado na rúa do Teatro, número 8, con licenza de rehabilitación e ampliación número 1180/01, no solo urbano no ámbito do Plan Especial de rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado; para legalización das obras de rehabilitación da planta baixa do edificio situado na rúa do Teatro, número 12, con licenza de rehabilitación e ampliación número 1179/01, no solo urbano no ámbito do Plan Especial de rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e para legalización de obras realizadas no edificio coas licenzas números 11/98 e 950/00, consistentes na instalación de ascensor, modificacións na escaleira, aumento de altura de cornixa e modificacións dos ocios de fachada, na rúa San Pedro, número 8.

Código Seguro de verificación:SNvMfAL3cNcSTHIpz2A6KQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	05/04/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	SNvMfAL3cNcSTHIpz2A6KQ==	PÁGINA	1/4
 SNvMfAL3cNcSTHIpz2A6KQ==				

**2. XESTIÓN.-** Acórdase a imposición da sexta multa coercitiva, adopción de medidas de seguridade, reiteración da execución das obras ordenadas e presentación de proxecto de rehabilitación do inmoble do expediente de orde de execución de obras no inmoble número 42 da rúa Xulia Minguillón.

**ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**3. PERSOAL.-** Acórdase a aprobación de bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de arquivero/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre.

Acórdase a execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no recurso de apelación interposto contra a sentenza ditada polo Xulgado do Social no recurso contencioso-administrativo número 28272010.

Así mesmo, acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito ao Centro de Convivencia Milagrosa e a aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda a autorización para a realización de servizos extraordinarios do técnico de prevención de drogas durante os días 22 e 23 de marzo actual e a aprobación da forma de compensación.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**


**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación do servizo de produción, apertura e vixilancia para a execución de espectáculos e actividades no Auditorio Municipal Gustavo Freire así como dos servizos de produción no museo interactivo da historia de Lugo (MIHL) e de actividades na rúa e outros lugares organizados pola Concellería de Cultura do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de contratación.

Acórdase a desestimación da solicitude formulada pola empresa adxudicataria na contratación da explotación da cafetería restaurante anexa ao Centro de Empresas e Innovación.

**5. FACENDA LOCAL.-** Acórdase estimar a solicitude de bonificación do 50% da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola declaración de especial interese ou utilidade municipal da construción dunha nave sen uso definido no Parque Empresarial das Gándaras, parcela O2.3.

Código Seguro de verificación:SNvMfAL3cNcSTHIpz2A6KQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia	FECHA	05/04/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	SNvMfAL3cNcSTHIpz2A6KQ==	PÁGINA 2/4



SNvMfAL3cNcSTHIpz2A6KQ==

Tamén se acorda estimar a solicitude de bonificación do 50% da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola declaración de especial interese ou utilidade municipal da construción dunha nave sen uso definido no Parque Empresarial das Gándaras, parcela O4.2.

### **ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE**

**6. SERVIZOS SOCIAIS.-** Acórdase a aprobación do proxecto da Ordenanza Reguladora ao Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Lugo.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto da Ordenanza Reguladora do Réxime de Funcionamento e Cesión dos Pisos de Emerxencia Social.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

- Acórdase a avocación pola Alcaldía das competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local no Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Modernización Administrativa.

- Acórdase adiar a aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Lugo e a Sociedade Estatal de Augas das Concas do Norte, S.A., para a construción e explotación da actuación "Ampliación do sistema de abastecemento de auga a Lugo". 2013.

- Acórdase o inicio procedemento revisión de oficio de diferentes actos administrativos nados por silencio.- Recurso contencioso administrativo interposto por don Manuel Francisco López Fernández.


- Acórdase o inicio procedemento revisión de oficio de diferentes actos administrativos nados por silencio.- Recurso contencioso administrativo interposto por don Arcadio Rivas López.

- Acórdase o inicio procedemento revisión de oficio de diferentes actos administrativos nados por silencio.- recurso contencioso administrativo interposto por don Manuel Reija Cabanas.


- Acórdase o inicio procedemento revisión de oficio de diferentes actos administrativos nados por silencio.- Recurso contencioso administrativo interposto por don Ignacio Mosquera Niebla.

**Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Doposo García.**

Código Seguro de verificación:SNvMfAL3cNcSTHIpz2A6KQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	05/04/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	SNvMfAL3cNcSTHIpz2A6KQ==	PÁGINA	3/4
 SNvMfAL3cNcSTHIpz2A6KQ==				

Código Seguro de verificación:SNvMfAL3cNcSTHipz2A6KQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	05/04/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	SNvMfAL3cNcSTHipz2A6KQ==	PÁGINA	4/4
				
SNvMfAL3cNcSTHipz2A6KQ==				